



CONCELLO DE RIVEIRA
Concellería de Cultura

INFORMACIÓN PARA A MATRÍCULA NOS CAMPAMENTOS DO VERÁN CULTURAL 2019

INDICACIÓNS PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA:

- 1.- Comprobar que o neno ou nena apareza no listado definitivo de admitidos do día 27 de xuño!
- 2.- Descargar da páxina web www.riveira.gal o impreso de matrícula e o Anexo, e facer 4 copias da matrícula e 2 do anexo, ou solicitar folla de matrícula e anexo no CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS DE RIVEIRA.
- 3.- Cubrir a folla da matrícula co nome do Campamento, lugar, datas e horario de celebración, datos do neno/a participante, dni do pai/nai/titor, observacións, importe da matrícula e sinatura do pai, nai ou titor legal sen esquecer marcar que se autoriza á participación do neno/a.

IMPORTANTE: indicar en observacións se ten alerxias ou outra doenza e/ou particularidade. En caso de participantes con algún tipo de diversidade funcional ou discapacidade igual ou superior ao 33% poderán participar seguindo os requisitos indicados nas Normas de Admisión aprobadas pola XGL e publicadas na web municipal e sempre que non precisen da axuda dunha terceira pesoa e teñan unha capacidade mínima de comunicación e de participación nas actividades. Este é un campamento de conciliación da vida laboral e familiar, non é un campamento de integración dos que existen outros específicos ofertados pola AA. PP.

4.- Axuntar á folla de matrícula:

- Anexo de autorizacións e IBAN debidamente cuberto e asinado Sen o Anexo debidamente asinado, a matrícula non será válida!
- Copia do DNI ou Folla do libro de familia correspondente á/ó participante
- Copia do DNI do TITULAR DA CONTA (pai/nai/titor)
- Certificado bancario co número de conta ou Copia da folla da libreta bancaria
- Foto ou fotocopia en cor tamaño carné do participante
- No caso de participantes que se beneficien da bonificación do 20% no prezo da matrícula deberán presentar copia da documentación xustificativa do colectivo ao que pertencen: título de familia numerosa, informe de vida laboral e certificado de períodos de inscrición na Oficina de Emprego), certificado de discapacidade e certificado de empresa ou similar.

5.- A matrícula e documentación deberá presentarse por correo electrónico en culturaefestexos@riveira.com ou no CENTRO CULTURAL LUSTRES RIVAS DE RIVEIRA antes das 14.00h do 5 de xullo de 2019, (unha das copias será selada para entregar no campamento correspondente o día do inicio; no caso de envío por email deberán achegar o acuse electrónico que faga Cultura da recepción do correo).

NOTA: os nenos/as que non entreguen copia da folla de matrícula no campamento ao que acudan, serán dados de baixa automaticamente con esa data.